

ENTREVISTA A UN ACTIVISTA DE GREENPEACE, MARCOS LÓPEZ



¿Recordas como comezaches colaborando en Greenpeace?
Hai quince anos. Primeiro estaba nunha asociación galega da Coruña chamada Biotopo, entrei nela para poder entrar en Greenpeace, porque colaboraban xuntas. En Greenpeace comecei como socio pagando unha cota; despois como voluntario nun grupo de apoio, que están por toda España; e ata agora que son activista da asociación.

¿A que idade comezaches no mundo da ecoloxía?
Aos dezasete anos, pero isto xa viña dende pequeno, porque sempre me gustou este mundo.

¿Por que decidiches entrar a formar parte do día a día de Greenpeace?
Porque me considero unha persoa moi sensibilizada cos temas ambientais. Dentro de Greenpeace podo levar a

cabo a miña defensa persoal contra os agresores do planeta.

¿Es capaz de compaxinar ben o teu traballo coa salvación do planeta?
Si, de momento si, porque teño un traballo que mo permite, polo menos actuar dentro da comunidade, pero a nivel de España depende.

¿Vexetariano?
Podes ser ecoloxista e ser omnívoro. Se es vexetariano, podes selo por moitos motivos, como o sufrimento dos animais ou porque comen alimentos transxénicos... Non está reñido ser ecoloxista con ser vexetariano. Eu, polo momento si que son vexetariano dende hai anos.

¿Consideras Greenpeace un hobby ou é algo máis para ti?
Si, considéroo unha forma de vida.

Fálame un pouco de

CEMMA

Colaboro tamén en CEMMA, que é máis ben unha asociación científica que se encarga de todo o litoral galego. Encárgase de facer un estudo de todos os animais mariños de Galiza, sobre todo do delphin mular. Ten un convenio coa Xunta hoxe en día para legalizar o traballo que estamos facendo.



C.E.M.M.A.
Coordinadora para o
estudio dos
mamíferos mariños

¿Diríasnol algo para rematar esta entrevista?
Si, daría unha mensaxe a aquela xente que desexa colaborar na defensa da natureza, para que se mova, porque o noso planeta necesitavos.

Verónica Mouriño. B1B

